



*Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa*

**BASES SORTEO PRESENCIAL "FESTA DA VOLTA AO COLE"**  
**28/09/2024 Multiúsos Terra do Queixo**

**1. - ORGANIZADORA E OBXECTO DO SORTEO:**

A Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa, en diante a ORGANIZADORA, con CIF G15346109 e domicilio social no Polígono Industrial de Arzúa, parcela nº1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña), convoca e organiza este sorteo para a promoción das vendas no Centro Comercial Aberto de Arzúa durante a campaña da Volta ao Cole 2024.

**2.- ÁMBITO TEMPORAL E TERRITORIAL:**

Este sorteo estará aberto á participación dende o día 1 de setembro ata o mesmo momento do sorteo que terá lugar na tarde do 28 de setembro, coas mercas efectuadas no CCA Arzúa mentres transcorra a campaña da FESTA DA VOLTA AO COLE.

**3.- LEXITIMACIÓN PARA PARTICIPAR:**

O sorteo presencial "FESTA DA VOLTA AO COLE" diríxese exclusivamente a tódalas persoas maiores de idade que adquiren durante o período da campaña, comprendido dende o día 1 ata o 28 de setembro (ambos incluídos), tickets de compra en calquera comercio asociado por valor igual ou superior a 20€.

**4.- MECÁNICA DO SORTEO E PARTICIPACIÓN:**

Por cada 20€ de consumo no CCA Arzúa presentados á Organizadora no acceso á FESTA DA VOLTA AO COLE a través de tickets de compra, as persoas participantes poderán conseguir 1 participación que consistirá en 1 rifa numerada. Como límite máximo poderán obter ata 10 rifas por ticket independentemente do valor da merca.

Así mesmo, toda persoa maior de idade poderá conseguir tantas participacións no sorteo como mercas realice no período da promoción, permitíndose ata un máximo de 5 tickets por comercio.

Non serán aceptados tickets de devolucións ou cambios de produtos, a non ser que no mesmo ticket apareza a merca doutro produto de importe superior á merca inicial dentro do período do sorteo.

As participacións para este sorteo a través de rifas son limitadas, xa que a organización repartirá un máximo de 1000 unidades. De este xeito, unha vez repartidas na súa totalidade e quedar estas esgotadas deixaranse de repartir rifas aos consumidores asistentes no acceso ao evento. É dicir repartiranse participacións só ata fin de existencias.

## **5.- SORTEO PRESENCIAL:**

A Organizadora levará a cabo o sorteo de xeito presencial durante a FESTA DA VOLTA AO COLE na tarde do 28 de setembro de 2024 a partires das 18h. No Multiúsos Terra do Queixo en Arzúa.

No acceso ao recinto a entidade Organizadora canxearalles os tickets de gasto por rifas numeradas aos participantes según o establecido no punto 4 de estas bases.

Previamente os tickets presentados á Organizadora polos consumidores do CCA Arzúa no momento de entrar ao recinto serán sellados co logo da AECA para evitar unha posible reutilización fraudulenta dos mesmos co fin de acadar máis participacións para o sorteo ou conseguir o acceso á festa doutro neno a maiores.

Para levar a cabo o sorteo a Organizadora axudarase dunha man inocente voluntaria, preferentemente de alguén menor de idade, para extraer o número premiado da urna que conterá tódolos números participantes dos consumidores asistentes á Festa da Volta ao Cole.

A persoa que posúa o número premiado deberá estar presente no momento do sorteo. De tal xeito que se o número agraciado non é reclamado nese mesmo momento, procederase a sacar outro número e así sucesivamente ata que apareza unha persoa premiada entre os participantes asistentes.

## **6.- PREMIO E GAÑADOR:**

Na presente promoción hai un único premio que consiste nunha videoconsola Sony PS 5 SLIM 1TB. E en ningún caso se poderá canxear este premio por diñeiro ou calquera outro produto.

Unha vez producida a aceptación expresa do premio terá lugar a entrega ao agraciado/a no mesmo lugar e momento do sorteo, puidendo a entidade organizadora comunicar o nome do premiado/a e ademáis facer uso da imaxe da entrega para logo ser publicado nas redes sociais e páxina web da AECA con fins de promocións comerciais.

## **7.- RESPONSABILIDADE DA ORGANIZADORA:**

A Organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidera derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polos participantes no sorteo, e por circunstancias excepcionais de forza maior poderá tomar calquera decisión que estime oportuna con respecto ás presentes bases de xurdir algunha dúbida ou cuestión.

## **8.- DEREITO DE EXCLUSIÓN:**

A Organizadora resérvase o dereito de descartar ou excluír do sorteo aos participantes que de calqueira xeito fraudulento manipulen a súa participación no sorteo.

## **9.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DA IMAXE:**

A empresa Organizadora poderá publicar nos medios que considere oportunos o nome completo ou iniciais da persoa gañadora do sorteo, salvo manifestación expresa en contrario por parte do gañador/ra, que deberá presentar á Organizadora por escrito ao enderezo Polígono Industrial de Arzua, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña) de conformidade co que dispón a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os seus datos serán incorporados nun ficheiro titularidade de AECA, ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A finalidade do tratamento é a de desenvolver a súa participación neste sorteo.

Así pois, os participantes garantizan que os datos persoais facilitados á Organizadora son veraces e fanse responsables de comunicar a ésta calquera modificación aos mesmos.

## **10.- ACEPTACIÓN E APLICACIÓN DAS BASES LEGAIS:**

A participación neste sorteo presencial FESTA DA VOLTA AO COLE implica a total aceptación e conformidade coas presentes bases, e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organizadora. A Organizadora resérvase a facultade de prorrogar a duración do sorteo, así como de suspendelo ou de poñerlle fin de xeito anticipado, e tamén de modificar e/ou engadir anexos sucesivos sobre estas bases, se así o estimase conveniente. As modificacións e/ou anexos deberán publicarse de xeito que tódolos participantes teñan acceso a dita información.